



MENSAXE DO SÍNODO DIOCESANO AOS PRESBÍTEROS

Os membros da Asemblea Sinodal da Igrexa de Deus que peregrina en Ourense, presididos polo seu Bispo, damos grazas ao Señor polo incansable labor dos seus presbíteros que, a imaxe do Bo Pastor, entregan a súa vida servindo ao Dono da sega nesta porción do Pobo de Deus. De modo singular, quixéramos facer chegar o noso recoñecemento á misión, silenciosa, constante e humilde de tantos presbíteros que se gastan e desgastan ao servizo dun mundo rural cada vez máis envellecido e despoboado, optando por vivir no medio do seu pobo mostrando proximidade ás súas comunidades, como auténticos “pastores con olor de ovella”. Vós sodes testemuñas vivas do amor de Deus cara os máis débiles desta terra tan querida na que tantos dos vosos predecesores, desde a súa fe e misión evanxelizadora, foron axentes de progreso e contribuíron a dignificar a vida dos seus pobos e das súas xentes.

Nestes tempos recios, nos que o labor do presbítero non é recoñecida por unha gran parte da sociedade e a súa entrega a miúdo non produce os froitos desexados, convidámosvos e animamos a renovar o voso amor primeiro e, confiando na palabra do Mestre, rogámosvos que sigades botando as redes, convencidos de que o Señor nos enviou a sementar non a recoller froitos.

Como fillos e fillas da Igrexa que peregrina por estas terras, de fondas raíces cristiás, alentámosvos a avivar a vosa espiritualidade cultivando a vida de oración como servizo ao rabaño que vos foi confiado; a presidir con fervor a Eucaristía, centro da vida de toda a comunidade crente e de todo cristián, sendo imaxe viva de Xesucristo e suscitando a participación do Pobo de Deus. Rogámosvos que, de maneira incansable, convidedes a todos os fieis a celebrar e vivir os Sacramentos para sandar as feridas do pecado e espertar en todos o desexo de santidad, sendo testemuñas do que anunciades coa vosa palabra e a vosa vida.

Sede imaxe de Cristo, Bo Pastor, pola vosa proximidade aos pobos que vos foron encomendados, acollede a todos os fieis, levade a cabo a corrección fraterna sen acepción de persoas e pensando no ben das

mesmas, con toda amabilidade, e convertédevos en signos elocuentes do amor misericordioso de Deus pola vosa capacidade de reconciliación no medio deste mundo tan individualista, dividido, cheo de enfrontamentos e violencias. Dade testemuño de comunión no seo do Presbiterio Diocesano vivindo a fraternidade sacerdotal ao redor do voso Bispo e cos irmáns, fomentando sempre unha pastoral orgánica e de comunión. Apreciade e promovede os dons e carismas cos que o Espírito Santo bendí ao Pobo de Deus creando canles para a corresponsabilidade de todos os bautizados, impulsando o nacemento de estruturas de comunión para que as nosas parroquias sexan espazos de acollida e presenza significativa do Evanxeo no medio do mundo, onde todos atopen un lugar para alimentar, fortalecer e avivar a súa fe. Non vos desanimedes na procura dos que se afastaron un día da comunidade e procurade convidalos ou atoparvos con eles para que lles sexa máis fácil a volta a “a súa casa”. Rogámosvos que non teñades a ousadía de pretender camiñar sós: *camiñade xuntos, camiñade unidos* e implicade aos outros irmáns nesta misión para que podamos ser o verdadeiro rostro dunha Igrexa en saída e samaritana, na que camiñemos na mesma dirección para que o mundo crea e a alegría do Resucitado encha os corazóns de *cantos se atopan* con El.

Avivade na vosa vida e nas vosas obras o dinamismo da caridade pastoral convencidos de que, no medio das vosas debilidades, polo don tan grande e inmerecido da vosa vocación ao ministerio, o importante é o que sodes, presenza de Cristo cabeza e pastor, e non o que facedes, indo sempre ao esencial sen deixarvos cegar polo afán de protagonismos estériles e para non caer no superficial. Coidade a vosa formación permanente en todas as súas dimensións para espertar, co voso testemuño, o desexo de coñecer a fe no pobo de Deus de modo que xuntos a vivamos con máis entusiasmo e a comuniquemos con gozo.

A exemplo do Señor Xesús, que entregou a súa vida por todos e se fixo próximo e amigo, en especial dos máis pobres, vivide con liberdade de espírito, sen apegos, dispoñibles para a misión, servindo á Igrexa como ela quere e necesita ser servida, e alí onde o ben do Pobo de Deus requira a vosa presenza e colaboración. Amade os costumes, a lingua e a cultura deste nobre pobo, coidando as súas tradicións relixiosas, dignificándoas e purificándoas para que sexan un instrumento eficaz no que se poida fundar a nova tarefa evanxelizadora á que nos convida a Igrexa no momento actual.

Vivide con alegría, cada día máis unidos a Cristo e, a exemplo de María, renovade o voso si á chamada para seguir acompañando a estas xentes e facer que as disposicións do Sínodo Diocesano sexan acollidas cordialmente, e así se leven á práctica por todos, converténdose en medio de conversión pastoral das nosas comunidades para que a fe sexa luz e

cantos nos vexan digan “mirade como se aman” e sintan desexos de achegarse ao Señor.

Coidade de vós e do rabaño que se vos confiou (Feit 20,28) para que polas vosas boas obras moitos glorifiquen a Deus e amen á súa Igrexa e a través do voso testemuño vos convertades en xerme de novas vocacións á vida sacerdotal, matrimonial e de especial consagración.

Sede conscientes da grandeza da vosa propia vocación, apreciádea, querédea, valorádea e que Deus vos bendiga para que perseveredes fieis ata o final na nobre tarefa da evanxelización e, así como contribuístes á realización do camiño sinodal, vos impliquedes, con celo apostólico, na recepción das proposicións sinodais e na súa posta en marcha para o ben de todas as comunidades que constitúen esta Igrexa en Ourense.